

Convocatoria ordinaria 2025
ARTES ESCÉNICAS II

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a primeira, de resposta única, con valor de 7 puntos, e as demais, con posibilidade de elección entre apartados, e un valor de 1 punto cada unha.

PREGUNTA 1. EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN ESCÉNICA / REPRESENTACIÓN E ESCENIFICACIÓN. (7 puntos)

Vostede quere estrearse como director teatral, levando a escena **As desterradas**, de Carme Varela, no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Para presentar o proxecto debe explicarlle ao concelleiro de Cultura do Consistorio compostelán o contexto histórico e literario da peza teatral, para que comprenda o valor da representación na cidade desta obra. Tamén ten que explicarlle, a modo de exemplo, os procesos necesarios para o deseño da posta en escena a partir do seguinte fragmento, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo.

ESCENA QUINTA

Un espazo diáfano que pode ser nun corredor ou no claustro. Tareixiña entra correndo e saúda a sor Einés e sor Elvira cun aceno de respecto. Unha luz como de tronada, moi brillante e á vez fría coma a prata, envolve todo.

SOR EINÉS: Onde te metiches?

TAREIXIÑA (*dubitativa*): Estaba... estaba... (*resolvendo con certa inseguridade*) estaba no torno atendendo un peregrino.

SOR EINÉS: Un peregrino? Non o sentín chamar!

TAREIXIÑA: Pois chamar chamou, eh? Chamou dúas veces mentres estabamos no rezo. Eu ben o escoitei e funo atender.

SOR EINÉS: Ti atendes a todo menos ao que hai que atender! E que quería o romeiro? Deixar unha esmola para o culto do noso san Paio?

TAREIXIÑA: Pois deixar, deixar... non deixou nada (*amosando as mans baleiras*). Disque levaba présa, que lle tiraron pedras uns rapazotes no fondo da aldea. Quería... o que queren os peregrinos... saber por onde se vai para Santiago de Compostela. Que disque onte durmira da banda de alá, ao pé da capela da Orada, e hoxe cruzou o Miño dende Portugal na barca.

SOR EINÉS: Moito me escama que non fose cara ao Freixo. Case todos van pola Virxe do Camiño. E ti que lle dixeches?

TAREIXIÑA: Pois... (*apurada para disimular a mentira*) guieino para que fose dar co camiño dos que van de Melgaço. Non sabe? Que van pola Portela, da Portela a Paradela de Valeixe, de alí á ponte das Poldras e a Parada das Achas. E díxenlle que mañá, se andaba lixeiro e Noso Señor quere, chegaría certo á Franqueira.

SOR ELVIRA (*facéndolle un agarimo a Tareixiña*): Sor Einés, agora dá gusto con estas rapazas novas, son tan espelidas!

SOR EINÉS: Si, si, agora non son como eramos nós, que tiñamos máis medo que vergonza. Aínda así non sei se é como ti dis ou o mandarías dar moita volta de noso señoriño... Ha de ter que dar ao zoco se quere chegar á Franqueira mañá. Para min que ía mellor por...

TAREIXIÑA (*interrompendo*): Eu conteillo segundo mo dixo a min meu pai cando me foi levar a Compostela. Igual non llo dixen ben...

SOR EINÉS: Pois agora xa foi, Marica non chores.

SOR ELVIRA: E non lle falaches ao romeiro do noso san Paio?

TAREIXIÑA: Non me acordou!

SOR EINÉS: Pois estamos boas... Habemos de comer quente!

TAREIXIÑA: É que non me preguntou por san Paio.

SOR EINÉS: E se non che pregunta, ti xa non lle contas?! Outras veces ben que falas sen que che pregunten.

SOR ELVIRA: Haille que falar a todo o mundo do noso santiño! Ti non ves que aínda hai xente que non sabe que san Paio era de aquí?

SOR EINÉS: É o xeito de que deixen algunha esmola! Os romeiros sempre levan cartos para esmolos e vanas deixando polas igrexas e mosteiros polos que pasan. Ves como onte parou na Orada? E non hai

ninguén que non se abraia co milagreiro que é o noso Neno Mártir. Como cho saiba a abadesa hate poñer boa!

SOR ELVIRA (*cómplice con Tareixiña*): E se non llo contamos non ten por que sabelo...

SOR EINÉS: Se non llo contamos, non. Non temos por que falar máis da conta! (*Rin as tres.*) Agora aligura! Vai lixeira para dentro, que hai que acabar de escoller os feixóns antes de que volva a nosa abadesa de ler a carta da raíña de Castela.

TAREIXIÑA (*arrepentida*): Xa se me varreran os feixóns do sentido! Non fago máis que meterme en leas. E todo porque non as penso! Que non é con mala intención, poden crermo, pero se non me dou corrixido vou dar unha mala monxa. (*Moi tristeira.*) A madre abadesa fai ben en non confiar en min.

SOR ELVIRA (*senta nun escano e chama por Tareixiña para onda ela*): Non te desgustes, Tareixiña, que para outra vez seguro que xa che acorda. Nós tampouco nacemos aprendidas. A melancolía é un pecado grandísimo, e as monxas non podemos consentilo en nós.

Tareixiña séntase ao seu carón e pousa a cabeza no ombreiro de sor Elvira. Comeza sor Elvira a adoutrinala collendo unha man de Tareixiña entre as súas.

Fragmento de *As desterradas*, de Carme Varela

PREGUNTA 2. PATRIMONIO ESCÉNICO. (1 punto)

Responda un destes dous apartados:

2.1. Explique cales son as principais características da ópera como arte escénica. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

2.2. Explique cales son as principais características do circo como espectáculo escénico. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

PREGUNTA 3. EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN ESCÉNICA / REPRESENTACIÓN E ESCENIFICACIÓN / PATRIMONIO ESCÉNICO. (1 punto)

Responda un destes dous apartados:

3.1. Explique cales son os equipos, as fases e as áreas de traballo indispensables no deseño de calquera espectáculo escénico. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

3.2. Explique de forma breve a tipoloxía das artes escénicas. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

PREGUNTA 4. PATRIMONIO ESCÉNICO. (1 punto)

Responda un destes dous apartados:

4.1. Explique as principais características do teatro do século XX, comparando as similitudes e as diferenzas que existen entre os seus autores principais. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

4.2. Explique as principais características do teatro renacentista, comparando as similitudes e as diferenzas que existen entre os seus autores principais. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

Convocatoria ordinaria 2025
ARTES ESCÉNICAS II

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**: la primera, de respuesta única, con valor de 7 puntos, y las demás, con posibilidad de elección entre apartados, y valor de 1 punto cada una.

PREGUNTA 1. EXPRESIÓN Y COMUNICACIÓN ESCÉNICA / REPRESENTACIÓN Y ESCENIFICACIÓN. (7 puntos)

Usted quiere estrenarse como director teatral, llevando a escena ***As desterradas***, de Carme Varela, en el Teatro Principal de Santiago de Compostela. Para presentar el proyecto debe explicarle al concejal de Cultura del Ayuntamiento compostelano el contexto histórico y literario de la pieza teatral, para que comprenda el valor de la representación en la ciudad de esta obra. También tiene que explicarle, como ejemplo, los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena a partir del siguiente fragmento, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo.

ESCENA QUINTA

Un espazo diáfano que pode ser nun corredor ou no claustro. Tareixiña entra correndo e saúda a sor Einés e sor Elvira cun aceno de respecto. Unha luz como de tronada, moi brillante e á vez fría coma a prata, envolve todo.

SOR EINÉS: Onde te metiches?

TAREIXIÑA (*dubitativa*): Estaba... estaba... (*resolvendo con certa inseguridade*) estaba no torno atendendo un peregrino.

SOR EINÉS: Un peregrino? Non o sentín chamar!

TAREIXIÑA: Pois chamar chamou, eh? Chamou dúas veces mentres estabamos no rezo. Eu ben o escoitei e funo atender.

SOR EINÉS: Ti atendes a todo menos ao que hai que atender! E que quería o romeiro? Deixar unha esmola para o culto do noso san Paio?

TAREIXIÑA: Pois deixar, deixar... non deixou nada (*amosando as mans baleiras*). Disque levaba présa, que lle tiraron pedras uns rapazotes no fondo da aldea. Quería... o que queren os peregrinos... saber por onde se vai para Santiago de Compostela. Que disque onte durmira da banda de alá, ao pé da capela da Orada, e hoxe cruzou o Miño dende Portugal na barca.

SOR EINÉS: Moito me escama que non fose cara ao Freixo. Case todos van pola Virxe do Camiño. E ti que lle dixeches?

TAREIXIÑA: Pois... (*apurada para disimular a mentira*) guieino para que fose dar co camiño dos que van de Melgaço. Non sabe? Que van pola Portela, da Portela a Paradela de Valeixe, de alí á ponte das Poldras e a Parada das Achas. E díxenlle que mañá, se andaba lixeiro e Noso Señor quere, chegaría certo á Franqueira.

SOR ELVIRA (*facéndolle un agarimo a Tareixiña*): Sor Einés, agora dá gusto con estas rapazas novas, son tan espelidas!

SOR EINÉS: Si, si, agora non son como eramos nós, que tiñamos máis medo que vergonza. Aínda así non sei se é como ti dis ou o mandarías dar moita volta de noso señoriño... Ha de ter que dar ao zoco se quere chegar á Franqueira mañá. Para min que ía mellor por...

TAREIXIÑA (*interrompendo*): Eu conteillo segundo mo dixo a min meu pai cando me foi levar a Compostela. Igual non llo dixen ben...

SOR EINÉS: Pois agora xa foi, Marica non chores.

SOR ELVIRA: E non lle falaches ao romeiro do noso san Paio?

TAREIXIÑA: Non me acordou!

SOR EINÉS: Pois estamos boas... Habemos de comer quente!

TAREIXIÑA: É que non me preguntou por san Paio.

SOR EINÉS: E se non che pregunta, ti xa non lle contas?! Outras veces ben que falas sen que che pregunten.

SOR ELVIRA: Haille que falar a todo o mundo do noso santiño! Ti non ves que aínda hai xente que non sabe que san Paio era de aquí?

SOR EINÉS: É o xeito de que deixen algunha esmola! Os romeiros sempre levan cartos para esmolos e vanas deixando polas igrexas e mosteiros polos que pasan. Ves como onte parou na Orada? E non hai

ninguén que non se abraia co milagreiro que é o noso Neno Mártir. Como cho saiba a abadesa hate poñer boa!

SOR ELVIRA (*cómplice con Tareixiña*): E se non llo contamos non ten por que sabelo...

SOR EINÉS: Se non llo contamos, non. Non temos por que falar máis da conta! (*Rin as tres.*) Agora aligura! Vai lixeira para dentro, que hai que acabar de escoller os feixóns antes de que volva a nosa abadesa de ler a carta da raíña de Castela.

TAREIXIÑA (*arrepentida*): Xa se me varreran os feixóns do sentido! Non fago máis que meterme en leas. E todo porque non as penso! Que non é con mala intención, poden crermo, pero se non me dou corrixido vou dar unha mala monxa. (*Moi tristeira.*) A madre abadesa fai ben en non confiar en min.

SOR ELVIRA (*senta nun escano e chama por Tareixiña para onda ela*): Non te desgustes, Tareixiña, que para outra vez seguro que xa che acorda. Nós tampouco nacemos aprendidas. A melancolía é un pecado grandísimo, e as monxas non podemos consentilo en nós.

Tareixiña séntase ao seu carón e pousa a cabeza no ombreiro de sor Elvira. Comeza sor Elvira a adoutrinala collendo unha man de Tareixiña entre as súas.

Fragmento de *As desterradas*, de Carme Varela

PREGUNTA 2. PATRIMONIO ESCÉNICO. (1 punto)

Responda uno de estos dos apartados:

2.1. Explique cuáles son las principales características de la ópera como arte escénica. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

2.2. Explique cuáles son las principales características del circo como espectáculo escénico. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

PREGUNTA 3. EXPRESIÓN Y COMUNICACIÓN ESCÉNICA / REPRESENTACIÓN Y ESCENIFICACIÓN / PATRIMONIO ESCÉNICO. (1 punto)

Responda uno de estos dos apartados:

3.1. Explique cuáles son los equipos, las fases y las áreas de trabajo indispensables en el diseño de cualquier espectáculo escénico. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

3.2. Explique de forma breve la tipología de las artes escénicas. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

PREGUNTA 4. PATRIMONIO ESCÉNICO. (1 punto)

Responda uno de estos dos apartados:

4.1. Explique las principales características del teatro del siglo XX, comparando las similitudes y las diferencias que existen entre sus autores principales. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

4.2. Explique las principales características del teatro renacentista, comparando las similitudes y las diferencias que existen entre sus autores principales. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**